

CONSULTA AO PARTENARIADO EN RELACIÓN COA PROPOSTA PRELIMINAR DO PROGRAMA FSE+ DE GALICIA 2021-2027.

A DX de Planificación e Orzamentos, da Consellería de Facenda e Administración Pública, da Xunta de Galicia, está desenvolvendo o **proceso de deseño e programación do Programa Operativo FSE+ 2021-2027 de Galicia**. Para iso, conta coa asistencia técnica de CONSIDERA S.L.

No marco destes traballos, ábrese un período de consulta pública no que calquera entidade ou persoa interesada poida achegar as súas opinións respecto ao documento que sintetiza o traballo programático realizado:

- **Borrador PO FSE+ Galicia 2021-2027**
- **Presentación resumen: 18_04_22_Consulta pública_PO_FSE+**

Neste sentido, debe terse en consideración que este documento é unha versión preliminar que se atopa en negociación coa Comisión Europea sendo susceptible de que se produzan modificacións en relación coa versión final.

Esta consulta pública permanecerá aberta ata o **próximo día 18 de maio de 2022**.

Para responder, pode usar o guión de preguntas que encontrará a continuación, ou mandar as súas observacións a través dos seguintes métodos:

- Online, pinchando na seguinte ligazón: [Ligazón](#)
- Correo electrónico á seguinte dirección: consulta.publica.FSE.facenda@xunta.gal
- Por correo postal:

DX de Planificación e Orzamentos – Consellería de Facenda e Administración Pública
Edificio Administrativo San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela

As respostas e a presentación dos datos serán tratados de forma anónima, de conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais.

Entidade que responde á enquisa (se é unha persoa a título individual indique as súas iniciais):

Perfil da entidade. Por favor, seleccione a categoría que defina a entidade á que pertence da forma máis precisa

- ☐ Centros de educación superior e investigación
- ☐ Centros de educación e formación
- ☐ Centros de investigación innovación e transferencia
- ☐ Autoridades públicas rexionais
- ☐ Autoridades públicas locais
- ☐ Empresas privadas
- ☐ Redes e organizacións empresariais, incluídas cámaras de comercios o clústeres
- ☐ Medios de comunicación
- ☐ Grupos de interese, incluídas OO.NN.GG. e asociacións
- ☐ Cidadanía individual / Público xeral
- ☐ Outras organizacións públicas

1. Considera que os retos identificados responden ás principais necesidades de Galicia nos seguintes ámbitos:

- Emprego e mercado de traballo
- Educación e formación
- Inclusión social

2. Como valora a lóxica da intervención proposta: retos, obxectivos e actuacións. Pode comentalos en xeral, ou por prioridade:

- Prioridade 1: Emprego, adaptabilidade, emprendemento e economía social.
- Prioridade 2: Inclusión social e loita contra a pobreza.
- Prioridade 3: Educación e Formación
- Prioridade 4: Innovación social
- Prioridade 5: Emprego xuvenil

3. ¿Parécelle que a distribución da Axuda FSE+ (que é o 60% do coste) por prioridade e Obxectivo Específico, é coherente e responde ás necesidades de Galicia?

4. A continuación, encontrará un espacio de resposta aberta no que, se o cre oportuno, poderá facernos chegar calquera outra idea ou comentario que considere relevante para a súa valoración.

Pode achegar documentos cos que enriquecer a valoración que realizou.